



Diario de Pontevedra

Portada Ciudad Comarcas Clara Aldán **Galiciaé** **El Progreso** **De Luns a Venres** **G. Gastronómica**
Opinión Economía **Vivir aquí** Deportes Galicia España Mundo

-A A+

Cultura

A Asociación de Escritores en Lingua Galega premia o Concello de Pontevedra

Etiquetas: lingua, Pontevedra, Escritores

18/04/2010 -

Na celebración da Cea das Letras, un dos actos máis importantes na vida da Asociación de Escritores en Lingua Galega, foron entregados os premios á mellor obra publicada no 2009 nas modalidades de ensaio, literatura infantil e xuvenil, poesía, narrativa, tradución, teatro, traxectoria xornalística e blog literario, así como á institución que salientara na defensa e difusión da nosa cultura.

Os galardóns, concedidos *por* escritores/as *para* escritores/as, levan camiño de se afianzar como uns dos de máis prestixio no noso panorama literario.

Da conxunción de votos emitidos nunha primeira quenda polos asociados/as á AELG -coa participación dos socios/as de Gáliz para elixir a mellor obra de Literatura Infantil e Xuvenil e dos membros do Colexio de Xornalistas para a modalidade de Traxectoria xornalística-, elaborouse unha listaxe de obras finalistas correspondentes a cada xénero dos mencionados, sobre a que os socios e socias emitiron de novo o seu voto nunha segunda quenda para elixir as obras gañadoras dos Premios AELG.

Unha vez computados os votos, os gañadores do Premio AELG ás mellores obras publicadas no 2009 son:

ENSAIO: Xesús Alonso Montero, pola súa obra *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, (Xerais)

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL: **Agustín Fernández Paz**, pola súa obra *Luz do Senegal* (Xerais)

POESÍA: **Luz Pozo**, pola súa obra *Deter o día cunha flor* (Baía)

NARRATIVA: **Xosé Cid Cabido**, pola súa obra *Unha historia que non vou contar* (Xerais)

TRADUCIÓN: **Bartug Aykam e María Alonso Seisdedos**, pola tradución da obra *O museo da inocencia*, de Orhan Pamuk (Galaxia)

TEATRO: **Rubén Ruibal**, pola súa obra *Delinvois* (Xerais/IGAIEM)

MELLOR TRAXECTORIA XORNALÍSTICA: **Manuel Rivas**

BLOG LITERARIO: **Manuel Bragado**, polo seu blog *Brétemas*

INSTITUCIÓN: **Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra**

ESCRITOR GALEGO UNIVERSAL: **Juan Gelman**

0/0 (0 votos)

¿Comentas?

Nos interesa tu opinión, pero con 'sentido'. Nada de insultos ni descalificaciones.

Se borrarán todos los comentarios que, con criterio subjetivo como en toda web, se consideren inadecuados.

Y recuerda, no des de comer a los trolls...

Para cualquier duda, consulta la guía de comentarios.

[Acceder](#) [Crear usuario](#)

Puedes comentar sin tener que crear un usuario, pero es recomendable si quieres acceder a todas las funcionalidades de los comentarios (votaciones, karma, foto personalizada)

Nick

eMail

Texto

Captcha



[Cambiar por outro](#)

[Enviar](#)